ANGEL MANUEL SOUTO CORDO (1 para 1)
Alcalde en Funcións
Data de Sinatura: 27/07/2017
HASH: 3e8839767 7e1d893c4ae3a58356af4db

BANDO

AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2017/2018

Informase aos veciños e veciñas **que o Concello de Pontecesures convoca as Axudas á Escolarización dirixidas ao alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) e de Primaria e da ESO.**
A Prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos que xera a dotación de libros e material escolar entre outros para o 2º ciclo de Ensino Infantil e para os gastos extraordinarios en equipamento e vestiario que xera o inicio do curso escolar para alumnado de ensino primario e secundario.

Persoas beneficiarias e requisitos:

Escolares que cursen o 2º Ciclo de Educación Infantil, e escolares que cursen Primaria e ESO, membros de unidades familiares empadroadas e con residencia efectiva en Pontecesures, que non reciban outras axudas polo mesmo concepto e finalidade, dos que a unidade familiar non supere os límites económicos que se establecen no 110% SMI para dúas persoas, no 150% para 3, incrementado nun 15% por cada membro adicional.

Nº MUF	Media mensual	Máximo semestre
2	908,22	5.449,29
3	1.238,48	7.430,85
4	1.362,32	8.173,94
5	1.486,24	8.917,44
6	1.610,02	9.660,11

a) Educación Infantil: Bolsa económica cunha contía individual de 90,00€ por menor.

b) Ensino primario e Secundario: Bolsa económica cunha contía individual de 70,00€ por menor
No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ó número de Bolsas previsto, concederanse aos que acaden maior puntuación na baremación das solicitudes.

Documentación:

- Solicitude segundo modelo
- Fotocopia do DNI da persoa Solicitante e integrantes da UFC
- Xustificante do curso que realiza a/o menor
- Fotocopia do Libro de Familia
- No seu caso, Tarxetas de demanda de emprego
- Xustificación, no seu caso, do pago de aluguer ou de créditos hipotecarios de xaneiro a xuño
- Xustificantes dos ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia desde o 1/01 ao 30/06 de 2017 (nóminas, certificados de prestacións e/ou pensións, ...)
- Declaración do IRPF 2016 ou Certificación Negativa da AEAT

No caso de non ter ingresos presentarase o estrato de movementos das contas bancarias nas que figure dos seis últimos meses.

A documentación presentarase referida a todas as persoas que convivan no domicilio, con independencia de se son ou non integrantes da unidade familiar.- Certificación bancaria do número de conta IBAN

O empadroamento e a convivencia serán comprobados de oficio polo concello

Prazo de Solicitude: **Do 31 de xullo ao 15 de setembro**
A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Pontecesures

Pontecesures, 27 de xullo de 2017
O ALCALDE EN FUNCIÓNS
Ángel Souto Cordo

CONCELLO DE PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES

Cod. Validación: 4EMLR9YFK6T7RQ7KLRNJDK5CY | Corrección: http://pontecesures.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1